

Resolución da Xerencia do 12 de setembro de 2024 pola que se aproban e publican as bases da convocatoria para elaborar unha listaxe de espera da categoría profesional diplomado/a en enfermaría, grupo II, do cadro de persoal laboral, da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril) modificada pola resolución reitoral do 26 de setembro de 2023 (DOG do 5 de outubro) resolve convocar proceso de selección con suxeición ás seguintes,

### **BASES DA CONVOCATORIA**

Todos os actos da relación entre as/os aspirantes e a USC derivados desta convocatoria realizaranse exclusivamente por medios electrónicos, ao abeiro do artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **1. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:**

1.1. Para seren admitidas, as persoas aspirantes deberán posuír na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter no momento de formalizar o contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou a dalgún estado membro da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ao cal, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais de algún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Quen, non sendo español nin nacional dun Estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a titulación de graduado/ diplomado universitario en enfermaría, especialidade enfermaría do traballo ou enfermeiro/a diplomado en enfermaría de empresa.
- d) Será requisito indispensable, ter acreditada a aptitude médica para o desempeño. Para estes efectos, a persoa aspirante declara ao facer a solicitude de participación no proceso selectivo, que nesa data posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto e que non padece enfermidade física nin psíquica que lle impida realizar o traballo propio da categoría á que se pretende incorporar.
- e) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.
- f) Aboar os dereitos de exame conforme ao procedemento que se indica na base 2 desta convocatoria.

## 2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- 2.1. Este procedemento desenvolverase de forma electrónica polo que as solicitudes presentaranse a través do formulario normalizado accesible na sede electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/125/ver.htm>
- 2.2. Para a presentación de solicitudes, as/os aspirantes deben posuír un destes medios de identificación electrónica válidos:
  - No caso de persoal da USC: credenciais corporativas
  - No caso de persoal alleo á USC: certificados persoais clase 2CA, certificados incluídos no DNI electrónico ou claves concertadas do sistema CI@ve.
- 2.3. As persoas que desexen participar neste proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude e a documentación que a acompañe unicamente por medios electrónicos.
- 2.4. O prazo para presentar solicitudes será desde o día **16 ao 30 de setembro de 2024**.
- 2.5. Documentación:
  - 2.5.1. A solicitude presentarase acompañada da seguinte documentación:
    - Certificado de coñecemento de lingua galega (Celga 4 ou equivalente). As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista na fase de exercicios desta convocatoria.
    - Documentación acreditativa da titulación indicada na base 1.1.c)
    - Documentación xustificativa dos méritos alegados para a súa valoración na fase de valoración de méritos.

As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar:

- Fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, se é o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.
  - Declaración ou promesa da persoa aspirante de que non está separada de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que vive ás súas expensas ou está ó seu cargo.
  - De conformidade co disposto na base 8 da convocatoria, as persoas aspirantes que estean exentas de realizar a proba previa de acreditación do coñecemento do castelán, xuntarán, para tal efecto, fotocopia compulsada dos diplomas de español como lingua estranxeira (nivel B2 ou nivel C2) ou equivalente. De non achegar esta documentación, non poderán ser declaradas exentas, polo que deberán realizar a proba a que se refire a base 8.
- 2.5.2. A experiencia laboral xustificarse con certificado de empresa/certificación acreditativa dos servizos prestados, nos que conste a categoría e os períodos nos que se prestaron, expedida pola unidade de persoal correspondente.
  - 2.5.3. A formación xustificarse con copia dos diplomas dos cursos de formación e cualificación profesional.
  - 2.5.4. A formación impartida xustificarse coa certificación correspondente dos cursos impartidos.
  - 2.5.5. O tribunal non valorará aqueles méritos que non se atopan suficientemente acreditados documentalmentemente, nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

- 2.5.6. A certificación acreditativa dos extremos indicados nos anteriores apartados 2.5.2, 2.5.3 e 2.5.4 expedirase de oficio, para as persoas aspirantes que marquen na epígrafe correspondente do formulario que prestaron ou que prestan servizos na USC, e engadirase á solicitude da persoa aspirante.

En calquera momento a universidade poderá requirir das persoas aspirantes os orixinais ou copias debidamente compulsadas dos documentos que se correspondan coas simples presentadas.

- 2.6. Os dereitos de exame serán de 18,40 euros. Para realizar o seu ingreso empregarase un dos seguintes medios accesibles dende o formulario de inscrición:
- Aboamento con tarxeta bancaria a través da pasarela de pago do formulario.
  - Aboamento presencial nunha oficina de Abanca presentando a folia de liquidación que se deberá imprimir, unha vez realizada a inscrición no proceso selectivo, e que non precisará comunicación posterior do pagamento por parte da persoa interesada.

Estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame aquelas persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e tamén as que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Así mesmo, gozarán dunha bonificación do 50% da taxa, os membros de familias numerosas de categoría xeral, e as persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos seis meses inmediatamente anteriores á data de publicación desta convocatoria, e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

Todas as circunstancias que supoñen unha bonificación total ou parcial das taxas por dereitos de exame deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, achegando copia compulsada da cualificación do grao de discapacidade ou do carné de familia numerosa segundo corresponda. As relativas á condición de demandante de emprego, así como, a de non percibir prestación ou subsidio por desemprego, deberán acreditarse con sendos certificados expedidos polo Servizo Público de Emprego.

Serán excluídas todas aquelas persoas aspirantes que non aboan os dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes e non se concederá ningún prazo adicional para o seu aboamento.

Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. Para tal efecto, o reintegro realizarase de oficio, para o que terán que facer constar a entidade bancaria e o seu número de conta no recadro que figura na solicitude. De non figuraren estes datos, entenderase que renuncian á devolución dos dereitos de exame.

- 2.7. Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptacións específicas e o seu motivo.
- 2.8. No formulario de solicitude as/os aspirantes deben asinar a declaración responsable que figura no documento, pola cal manifiestan estar en posesión dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e comprométese a achegar a documentación que nela se indica.
- 2.9. Se a persoa aspirante desexa recibir avisos das notificacións que a USC poña a súa disposición, é imprescindible que indique no apartado de "Medios de aviso de notificación" do formulario, o

teléfono e enderezo electrónico válidos. As notificacións electrónicas realizaranse por comparecencia en sede electrónica, para o acceso á cal se empregarán os medios de identificación que se indican na base 2.2.

### 3. LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

- 3.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro electrónico da USC, <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>, e na páxina web <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado> a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.
- 3.2. Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión da devandita listaxe, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución nos lugares indicados no apartado anterior.
- 3.3. Para emendar a exclusión ou omisión cubrirase o formulario de emendas do catálogo de procedementos na seguinte ligazón: <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/125/ver.htm> para o que o/a aspirante debe empregar os medios de identificación e sinatura que se indican no apartado 2.2. desta convocatoria.

### 4. LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase nos lugares indicados no punto 3.1, a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas así como o día, a hora e o lugar da realización do primeiro exercicio.

O feito de figurar na listaxe de admitidas/os, non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas, a posesión todos os requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

### 5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección terá a categoría primeira de conformidade cos grupos de clasificación para asistencias establecidos no Regulamento de indemnizacións por razón de servizo aprobado en Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020 e será nomeado mediante resolución da xerencia que será publicado nos lugares indicados no punto 3.1.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao xerente da universidade, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

### 6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

- 6.1. A orde de actuación das persoas aspirantes iniciarase alfabeticamente pola primeira da letra "H", de conformidade co establecido na resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda.
- 6.2. O tribunal adoptará as medidas precisas para que as persoas aspirantes ás que se refire o apartado 2.7 participen en condicións de igualdade. Para tal efecto, o órgano de selección poderá

requirir un informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou de asuntos sociais. Para valorar a procedencia da concesión das adaptacións solicitadas, requirirase da persoa aspirante o correspondente certificado ou información adicional. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba que se vaia realizar.

- 6.3. Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados os criterios de avaliación e corrección que publicará no taboleiro electrónico da USC e na web <https://www.usc.gal/ql/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oeplistado>
- 6.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal para que acrediten a súa identidade.
- 6.5. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en único chamamento, e serán excluídas do proceso de selección as que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e considerados polo tribunal.
- 6.6. A publicación dos sucesivos anuncios de celebración dos demais exercicios efectuarase nos sitios indicados no punto 3.1.
- 6.7. Acreditación da competencia en lingua castelá.

Con carácter previo á realización do proceso de selección, as persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira deberán acreditar o coñecemento da lingua castelá realizando unha proba, na que se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no artigo 3 do Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro (BOE do 8 de novembro), para acreditar o nivel de competencia lingüística do diploma de español correspondente ao nivel intermedio. A proba cualificarase de apto ou non apto, e será necesario obter a valoración de apto para pasar a realizar os exercicios do proceso selectivo.

Quedan eximidas de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten conforme se indica na base 2, que están en posesión do diploma de español como lingua estranxeira, nivel B2 ou nivel C2, ou equivalente e as/os nacionais de países cuxo idioma oficial sexa o español.

- 6.8. O sistema selectivo constará das seguintes fases:

**I.-Fase de exercicios:** constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios, agás a exención prevista na descrición do primeiro exercicio.

Primeiro exercicio: Estarán exentas de realizar este exercicio, as persoas aspirantes que acreditan documentalmente xunto coa solicitude, estar en posesión do certificado Celga 4 ou do certificado de aptitude do curso de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega.

Este exercicio terá a seguinte estrutura:

Primeira proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión escrita.

As persoas aspirantes deberán redactar un texto seguindo unhas indicacións que se lle facilitarán por escrito. A elaboración do texto deberá basearse na comprensión dun texto escrito ou na comprensión dun fragmento de audio ou audio-video.

A duración máxima desta proba será de 90 minutos.

Segunda proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión oral.

As persoas aspirantes deberán ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-video, e a seguir, nunha entrevista co examinador, pediráselles que resuman o input e que manteñan un diálogo ao respecto do input recibido, de modo que poida ser avaliada a súa produción oral.

A duración máxima desta proba será de quince minutos por persoa aspirante.

Para superar este exercicio será necesario acadar o resultado de apto.

Segundo exercicio: consistirá na resolución dunha serie de probas prácticas propostas polo tribunal, relacionadas coas funcións da categoría de enfermeiro/a.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos, sendo necesario para superalo, obter un mínimo de 15 puntos.

O tempo máximo para a súa realización será de 60 minutos.

Valorarase o grao de perfección e destreza demostrado na súa realización e o coñecemento das funcións que se desempeñan na categoría.

As persoas aspirantes disporán de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte á realización do exercicio, para presentar reclamacións correspondentes a cada exercicio.

Así mesmo, as persoas aspirantes disporán de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións do exercicio correspondente, para presentar reclamacións ás cualificacións obtidas.

## II.- Fase de valoración de méritos

Esta fase será cualificada de 0 a 10 puntos desglosados como se especifica a continuación:

Experiencia relacionada co contido da praza: máximo 7 puntos.

Na mesma categoría nas universidades públicas: 0,15 puntos por mes traballado.

Na mesma categoría noutras administracións públicas: 0,076 puntos por mes traballado.

Traballos que teñan que ver cos coñecementos da praza en empresas: 0,076 puntos por mes traballado.

Formación: valoraranse cursos impartidos ou recibidos de formación e perfeccionamento dispensados por centros e organismos oficiais ou debidamente homologados e que estean directamente relacionados co contido da praza, ata un máximo de 3 puntos, do seguinte xeito:

Cursos de formación relacionados coa praza:

- Cursos impartidos: 0,03 puntos hora
- Cursos de aptitude recibidos: 0,02 puntos hora
- Cursos de asistencia recibidos: 0,01 puntos hora

Cursos de formación de lingua galega:

- Celga 5: 0,75 puntos
- Outros cursos de galego impartidos: 0,03 puntos hora
- Outros cursos de galego con aptitude: 0,02 puntos hora
- Outros cursos de galego con asistencia: 0,01 puntos hora

Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel. Os Celgas valoraranse a partir do nivel superior ao esixido na convocatoria.

Nos cursos nos que non figuren o número de horas, a puntuación farase polo mínimo de 10 horas.

Os posibles empates na puntuación total dirimiranse aplicando, nesta orde, os seguintes criterios: maior puntuación na primeira fase, na segunda fase e de persistir este, desempataría a maior idade da persoa candidata.

## 7. PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE LISTAXE DE ESPERA E RECLAMACIÓNS

7.1. A proposta provisional de listaxe de espera formulada polo tribunal de selección, publicarase no taboleiro electrónico da USC e na páxina web <https://www.usc.gal/ql/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

7.2. Contra esta proposta, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación perante o tribunal no prazo máximo de 3 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación no taboleiro electrónico, a través do rexistro de entrada electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>, para o que o/a aspirante debe empregar os medios de identificación e sinatura que se indicaron no apartado 2.1.

7.3. Rematado o prazo sinalado no punto anterior sen terse presentado reclamacións ou, unha vez que foron resoltas, o tribunal elevará ao xerente a proposta definitiva de persoas aspirantes que conforman a listaxe de espera, e publicarase nos lugares indicados no parágrafo anterior.

## 8. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela  
O xerente  
Antonio Javier Ferreira Fernández  
(sinatura dixital)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/09/2024 12:29:44.

**CSV:** 6A31-071B-48BA-A056